

37 festa do QUEIXO Arzúa, 2-3-4 marzo 2012

CONCURSO DE CARTEIS 37ª FESTA DO QUEIXO. ARZÚA 2012

BASES

1º- O orixinal poderá ser de libre formato acoutado a unha medida entre 30x40 e 70x100cm. Cada autor poderá participar co nº de traballos que desexe, sempre que estes sexan orixinais, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital.

2º- A obra debe presentarse sen sinatura de autor, que limitará a súa identificación a un lema, e debe acompañarse dun sobre pechado cos seguintes datos: nome e apelidos, D.N.I., idade, profesión, enderezo, teléfono e correo electrónico, así como unha breve explicación da obra e/ou calquera outro dato que o/a autor/a desexe engadir para definir o traballo. A organización solicita aos participantes acompañen cada obra presentada con cadansúa copia en formato dixital –CD/DVD-

3º- O xurado valorará especialmente a creatividade do arte final, a relación co evento a través da nosa cultura e idiosincrasia, o seu impacto visual publicitario e as potencialidades como para a creación de posteriores aplicacións gráficas. Deberá figurar o texto “ARZÚA 37ª FESTA DO QUEIXO, 2, 3 e 4 DE MARZO DE 2012”. Igualmente, os queixos que formen parte da imaxe -no seu caso- deberán respectar a morfoloxía lenticular do queixo da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa.

4º- Os orixinais deberán ser enviados antes do 31 de decembro de 2011 á Oficina da Concellaría de Cultura do Concello de Arzúa -Rúa Pai Pardo, 33 1º andar 15180 Arzúa- (edif. sociocultural María Mariño, a carón de Radio Arzúa e Biblioteca Municipal)

5º- A elección dos premiados realizarase na Capela da Madanela de Arzúa, o **xoves 12 xaneiro de 2012** ás 14:00h mediante valoración dun xurado cualificado designado pola Comisión ‘Festa do Queixo’, agás a do 4º premio, que será elixido por votación popular o domingo 8 de xaneiro, entre as 12 e as 14h. O sobre co gañador deste 4º premio permanecerá pechado ata o 12/01/12, para poder entrar tamén na votación final do xurado.

6º- A peza elixida polo xurado como 1º premio será o cartel anunciador da 37ª edición. Todas as pezas recibidas serán expostas ao público do 3 ao 31 de xaneiro na Capela de Madanela. A entrega de premios incluírase no acto inaugural da 37ª Festa do Queixo.

7º- Os catro orixinais premiados e os seus dereitos de imaxe pasarán a ser propiedade do Concello de Arzúa. Os orixinais non premiados poderán recollese Oficina da Concellaría de Cultura ata 60 días despois da celebración do evento.

8º- A Comisión resérvase o dereito a deixar baleiros os premios, así como a rexeitar para concurso calquera peza que considere e aquela que non se axuste ás presentes bases. As súas decisións serán inapelables.

PREMIOS

O certame outorgará catro premios, repartidos en:

1º PREMIO: 600 €

+ 1 fin semana turismo rural 2 pax.+ lote produtos “Festa do Queixo” + queixo XL CRDOP Arzúa-Ulloa

2º PREMIO: 300 €

+ 1 xantar turismo rural 2 pax.+ lote produtos “Festa do Queixo” +queixo XL CRDOP Arzúa-Ulloa

3º PREMIO: 100 €

+ lote produtos “Festa do Queixo” + queixo XL CRDOP Arzúa-Ulloa

4º PREMIO: agasallo especial

+ lote produtos “Festa do Queixo” + queixo XL CRDOP Arzúa-Ulloa

ORGANIZA



www.concellodearzua.org - www.festadoqueixo.org